

## **#HoxeEscriboEn \_ Mocidade**

### **Microrrelatos para viaxar polos concellos da provincia da Coruña**

**Edición 2024/2025**

#### **1. Primeira. – Obxecto**

O obxecto do concurso **#HoxeEscriboEn \_ Mocidade** é o fomento do talento creativo, a animación á escritura e á lectura, o impulso do uso do idioma propio entre a mocidade, e a difusión do patrimonio cultural e turístico dos concellos da provincia da Coruña (axudando a sensibilizar sobre o patrimonio cultural, natural e medioambiental de cada un e a importancia de preservalo).

Para iso, a Biblioteca Provincial xunto coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña, convocan un concurso de microrrelatos inspirados na provincia da Coruña e orientados á mocidade da provincia da Coruña.

#### **2. Segunda. – Participantes**

- Poderá participar o alumnado matriculado no curso 2024–2025 na ESO, Bacharelato ou Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior, pertencente ao Sistema Educativo Galego e situados na provincia da Coruña.
- A participación será individual e cada persoa poderá presentar un único microrrelato.

#### **3. Terceira. – Formato**

- Os microrrelatos presentados ambientaranse ou referiranse a un concello da provincia da Coruña, non sendo necesario que o autor ou autora teña vínculo directo con el.
- Os microrrelatos poderán estar relacionados coa historia local, lendas propias, tradicións do pobo, persoeiros destacados, valores positivos do concello, a riqueza natural, cultural ou medioambiental, ou calquera outro aspecto que axude a resaltar o patrimonio do concello.

